

Expediente: 5137/2024

Procedemento: BASES SUBVENCIONS A NIVEL DE BARRIO. CONVENIO DE DATA 11.05.2023

Enderezo da actuación: "ERRP DE RIBADEO" E "ERRP RINLO". RIBADEO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Vistos o acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio do 2023, relativo aos entornos residenciales de rehabilitación programada delimitados no Concello de Ribadeo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación ao papel xestor do Concello de Ribadeo para a execución do Plan, e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestes acordos, régulanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas sitas nas ERRPs existentes, asinado entre Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Ribadeo.

Visto tamén os informes emitidos, tanto do departamento de Intervención municipal de fiscalización de gastos e informe xurídico que obran no expediente.

Vista igualmente a proposta das bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de actuacións incluídas no programa de axuda ás actuacións a Nivel de Barrio do plan de recuperación, transformación e resiliencia nos entornos residenciales de rehabilitación (ERRP) do Casco Histórico da Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, de data 21 de abril de 2025, do seguinte tenor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIONS PARA REHABILITACIÓN DE ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NOS ENTORNOS RESIDENCIAIS DE REHABILITACIÓN PROGRAMA (ERRP) DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE RIBADEO E DO NÚCLEO DE RINLO, AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO.

En desenvolvemento do acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio do 2023, relativo aos entornos residenciales de rehabilitación programada delimitados no Concello de Ribadeo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación ao papel xestor do Concello de Ribadeo para a execución do Plan, e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestes acordos, régulanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas sitas nas ERRPs existentes.

O financiamento tanto para o ERRP do Casco Histórico de Ribadeo como para o ERRP do Núcleo de Rinlo, recollido no referido convenio é o seguinte:

ERRP DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADEO (14 actuacións)	Axuda base	251.700,00 €
	Retirada de amianto	2.310,00 €
	Incremento por vulnerabilidade	20.000,00 €
TOTAL		274.010,00 €

ERRP DO NÚCLEO DE RINLO (6 actuacións)	Axuda base	94.400,00 €
	Retirada de amianto	1.640,00 €
	Incremento por vulnerabilidade	20.000,00 €
TOTAL		116.040,00 €



ARTIGO 1. OBXECTO.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro dos ámbito definidos do ERRP do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do ERRP do Núcleo de Rinlo, dentro do programa de axudas a nivel de barrio previsto no RD 853/2021 do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, Resolución do 8 de xullo de 2022 polo que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A convocatoria realízase polo disposto no acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023, relativo aos ERRPs do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do ERRP do Núcleo de Rinlo.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrência competitiva, segundo os criterios de selección dispostos no artigo 20 da convocatoria.

ARTIGO 2. ÁMBITO.

RIBADEO:

As vivendas e edificios de vivendas deben estar incluídos no ERRP Casco Histórico de Ribadeo definido no Acordo da Comisión Bilateral nº 20 celebrada o 11 de maio de 2023.

RINLO:

As vivendas e edificios de vivendas deben estar incluídos do ERRP do Núcleo de Rinlo definido no Acordo da Comisión Bilateral nº 20 celebrada o 11 de maio de 2023.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS. DESTINATARIOS ÚLTIMOS.

Ao amparo do artigo 13 do RD 853/2021, do 5 de outubro e do artigo 21 da resolución do 8 de xullo de 2022, poderán ser persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

As que asuman a responsabilidade de execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada un.

As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor de rehabilitación que actúe por conta deles, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos citados artigos, ben que non poderá procederse ao pagamento da axuda en tanto non se acredite estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Polo que poderán ser considerados/as beneficiarios/as:

a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.



b) As comunidades de persoas propietarias conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.

c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias dun edificio que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou de patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motiva a concesión da subvención.

d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificio que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou constituídas conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

Cando resulten beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán declarar expresamente na solicitude que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Para que as entidades que carezan de personalidade xurídica propia sexan beneficiarias, coa excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facer constar expresamente, na solicitude que quedará recoñecido na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes, para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata ter transcorrido o prazo de prescrición prevista nos artigos 35 e 63 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (4 anos polo posible reintegro, artigo 35, ou a prescrición de sanción do art. 63).

No caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais, aplicárase o disposto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, pola que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario/a das subvencións, os que incorran en:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes e da facenda local.



- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria demais normativa reguladora.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e lexislación concordante. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ARTIGO 4. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Ademais das recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Realizar a totalidade das actuacións para as que se concedeu a axuda, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, cumprindo as condicións e prescricións que nela se establezan, xustificando a execución da actuación presentando os documentos sinalados nestas bases reguladoras.
- b) Comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, ao Concello de Ribadeo, calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda.
- c) Permitirlle ao Concello de Ribadeo, ao IGVS e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida e as que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, "Regulamento do MRR", e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).
- d) Adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento, especialmente no referido á canle de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade social no momento en que se aboan as subvencións.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación, incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O citado período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
- g) Cumprir cos requisitos que figuran no Manual de imaxe do programa que estará dispoñible na web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<http://www.mitma.es>), así como o establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.
- h) Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH polas súas siglas en inglés), respecto aos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852.
- i) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás



medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do MRR e o Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo, e cando cumpra, á Fiscalía Europea a exercitar os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

- j) As demais que deriven da Resolución do 8 de xullo de 2022 do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos.
- k) Fornecer ao Concello de Ribadeo, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, toda a información necesaria para o cumprimento dos deberes previstos no título I da citada lei
- l) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- m) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- n) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.
- o) Acreditar con anterioridade á resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- p) Comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais a partir da data da solicitude da subvención.
- q) Cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Interese.

ARTIGO 5. AXENTE OU XESTOR DA REHABILITACIÓN.

1. As persoas ou entidades beneficiarias das axudas poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un axente ou xestor de rehabilitación actúe por conta daquelas.

2. O axente ou xestor da rehabilitación é aquela persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, que poida realizar actuacións de impulso, seguimento, xestión e percepción das axudas públicas, mediante mecanismos de cesión de dereito de cobramento ou similares, acceso ao financiamento, elaboración de documentación ou proxectos técnicos ou outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións subvencionables, ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

3. A participación do axente ou xestor da rehabilitación non exime á persoa beneficiaria de cumprir as obrigas que lle incumben, sen prexuízo da responsabilidade que, ademais, poida exixirse ao dito axente xestor.

ARTIGO 6. CONDICIÓNS DOS INMOBLES.

Os edificios e vivendas existentes dentro do ERRPs delimitados para os que se solicite financiamento deste programa deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Todas as actuacións deberán dispoñer de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.
- b) Dispoñer de proxecto das actuacións que se van realizar. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria técnica elaborada para a súa execución e os prazos contidos nas licenzas/comunicacións de obras obtidas para as mesmas. No caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar nunha memoria valorada subscrita por técnico competente a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación. En ambos os casos deberá incluírse o Libro do Edificio Existente para a rehabilitación ou, no seu defecto, achegarse un estudo sobre o potencial de mellora do edificio ou vivenda en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e un plan de actuacións no que se identifique a actuación e mellora



proposta. O contido destes documentos, deberá axustarse ao establecido no anexo I e no punto 2 do artigo 50 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

O documento técnico incluíra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente plan de xestión de residuos de construción e demolición, conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:

1ª. Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 /EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo, utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2ª. Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizarase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.

c) Retirar do edificio ou do ámbito obxecto de actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto. A retirada deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, a ser realizados por unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme ao establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

d) No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, deberánse cumprir, ademais, as seguintes condicións:

1ª. Que polo menos o 50% da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda.

2ª. Que as actuacións contén co acordo da comunidade, da agrupación de comunidades de persoas propietarias de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización ou autorizacións administrativas correspondentes, cando sexa preceptivo.

ARTIGO 7. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

1. Para ser beneficiarios/as da subvención, o inmovible para o cal se solicita axuda estará dentro dalgún dos ámbitos ERRPs declarados no Concello de Ribadeo definidos celebrada no Acordo nº 20 da comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023.

2. De conformidade co artigo 14 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, son subvencionables as actuacións:

Mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda cos límites de investimento máximo subvencionable establecidos no artigo 15 deste Real Decreto, sempre que tras a execución da obra se obteña unha redución de, polo menos, o 30% do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética (xustificado en base á comparativa entre os datos do CEE inicial e os do CEE final) e ademais, conseguirse unha



redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, establecido en **Ribadeo nun 35%**, por acharse situado o Municipio na Zona climática D1.

Os edificios protexidos oficialmente por ser parte dun contorno declarado ou en razón do seu particular valor arquitectónico histórico, nos que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non terán que cumprir coa redución de demanda establecida no punto anterior. Non obstante, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límites de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a – HE1 e 3.1.3.a – HE1, do documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código Técnico da Edificación.

Así mesmo, nos edificios nos que se realizaron nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior ao establecido anteriormente nesta mesma letra, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración.

Cando nas devanditas intervencións non se acadase unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida poderá considerarse satisfeito o requisito, se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude se acadara a correspondente porcentaxe de redución da demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

Para o cómputo dos últimos catro anos, tomarase o prazo comprendido entre a finalización das obras xa realizadas e a publicación da convocatoria municipal na que se solicite a subvención para as actuacións complementarias.

Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

Igualmente, unha vez acadados os obxectivos enerxéticos, serán subvencionables outras obras de accesibilidade.

ARTIGO 8. ORZAMENTO PROTEXIDO.

O valor subvencionable constitúe o custo total de todas as actuacións que se subvencionen. Os prezos das partidas non poderán superar os custos medios de mercado, por parte do técnico da Oficina de Rehabilitación revisará os orzamentos achegados rebaixando o prezo das partidas no caso de superar ditos custes medios.

O custo subvencionable virá determinado polo valor subvencionable total da actuación, excluídos os custos de licenzas, taxas, impostos ou tributos. Con todo, o IVE poderá ser considerado elixible a condición de que non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial; para iso, deberá indicarse se non é recuperable a totalidade ou unha parte do IVE, determinando neste caso a porcentaxe recuperable e xustificándoo en base a documentación oficial correspondente.

Dentro dese custo total, poderán incluírse os custos de xestión inherentes ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados; os honorarios dos profesionais intervinientes na xestión e desenvolvemento das actuacións; o custo da redacción dos proxectos e da dirección facultativa; informes técnicos, memorias valoradas e certificados necesarios; os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 3.000,00 €.



ARTIGO 9. CONTÍA DAS AXUDAS.

1. De conformidade co disposto no artigo 15 do RD 853/2021, do 5 de outubro e no vixésimo terceiro da Resolución do 8 de xullo de 2022, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións para desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidas na táboa seguinte, sen que poidan superar os límites resultantes que se describen a continuación:

a) A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa seguinte polo custo das actuacións subvencionables.

b) A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima da axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de vivendas dos edificios, incrementada, se é o caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos á vivenda, fixada na mesma táboa, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima da axuda por m ²
$30\% \leq \Delta Cep_{nrenv} < 45\%$	40%	8.100 €	72 €
$45\% \leq \Delta Cep_{nrenv} < 60\%$	65%	14.500 €	130 €
$\Delta Cep_{nrenv} \geq 60\%$	80%	21.400 €	192 €

Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ou transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación.

O custo destas actuacións correspóndese co campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conforme cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

2. Para a determinación das contías máximas de axudas poderán considerarse todos os custos debidamente acreditados que correspondan a actuacións subvencionables segundo o disposto nas presentes bases.

Non se poderán incluír os impostos, taxas ou tributos. Non obstante, o IVE, poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

d) O importe íntegro das contías das axudas percibidas polas persoas beneficiarias, destinarase ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e de agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da mesma como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, no seu caso, nas persoas propietarias de locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación sobre propiedade horizontal.

ARTIGO 10. CONTÍA ADICIONAL POR VULNERABILIDADE ECONÓMICA.

1. De conformidade co disposto no artigo 15.2 do RD 853/2021, do 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufrutuarías das vivendas, e de acordo cos criterios establecidos na comisión bilateral de seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá acadar ata o 100% do custo da actuación imputable ao devandito propietario ou usufrutuário, de acordo cos seguintes criterios, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética esixidos neste programa:



Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30\% \leq \Delta Cep.nren < 45\%$	$45\% \leq \Delta Cep.nren < 60\%$	$\Delta Cep.nren \geq 60\%$
Menos ou igual a 2,1	Porcentaxe axuda	100%	100%	100%
	Contía máxima de subvención	20.250,00	22.308,00	26.750,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	12.150,00	16.731,00	24.075,00
Vivenda unifamiliar				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30\% \leq \Delta Cep.nren < 45\%$	$45\% \leq \Delta Cep.nren < 60\%$	$\Delta Cep.nren \geq 60\%$
Menos ou igual que 2,1	Porcentaxe axuda	100%	100%	100%
	Contía máxima de subvención	22.550,00	24.538,80	29.425,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	13.530,00	18.404,10	26.482,50

2. Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples-IPREM (14 pagas) multiplicado polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar, segundo a táboa seguinte:

Corrección IPREM	
Número de membros	Coeficiente corrector
Familias de 1 membro	1
Familias de 2 membros	0,9
Familias de 3 membros	0,8
Familias de 4 membros	0,75
Familias de 5 ou máis membros	0,7

3. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, en adiante IRPF, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que se lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.

4. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar, a efectos de aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, se apoio á familia e á convivencia de Galicia.

5. No caso de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos puntos anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros anteriores.

6. A efectos do establecido nestas bases de convocatoria, os termos incluídos nel interpretarase co significado e alcance seguintes:

- Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.



- Persoa con discapacidade: interpretase de conformidade co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social.
- Indicador Público de Renda de efectos múltiples (IPREM): é o indicador definido no Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

ARTIGO 11. TRIBUTOS MUNICIPAIS.

As obras non estarán exentas de licenza, pero si poderán acollerse ás bonificacións e deducións previstas na Ordenanza vixente reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por tramitación de licenzas urbanísticas.

Establécense unhas bonificacións do 25, 40 e 55%, da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras que se desenvolvan no casco histórico de Ribadeo e Rinlo, no ámbito das Áreas de Rehabilitación Integral do casco histórico de Vila de Ribadeo e Rinlo, delimitado en cada momento polos convenios nesta materia vixentes asinados coa administración estatal e/ou autonómica, toda vez que se considera que esas actuacións, unha vez concedida subvención polo Concello, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

ARTIGO 12. COMPATIBILIDADE.

1. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro e do ordinal trixésimo da Resolución do 8 de xullo de 2022, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada e sempre que a regulación das outras axudas xa sexan de ámbito nacional ou europeo o admitan, sendo de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, que establece que a axuda concedida no marco do Mecanismo sumarase á proporcionada conforme os outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que esta axuda non cubra o mesmo custo, evitando o dobre financiamento entre programas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, así como con outros instrumentos da Unión.

En todo caso, na consecución dos fitos e obxectivos establecidos na Decisión de Execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, vinculados co desenvolvemento deste programa consideraranse exclusivamente as actuacións financiadas a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España.

2. Segundo o disposto no artigo 36.2 do RD 853/2021, do 5 de outubro, non poderán obter o financiamento correspondente a este programa os destinatarios últimos de axudas do programa de actuacións de rehabilitación a nivel de edificio que regula este Real Decreto.

3. Segundo o disposto no apartado 3 do artigo 36 do RD 853/2021, do 5 de outubro, as subvencións deste programa son compatibles coas axudas do “Programa 4 de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas” sempre e cando quede acreditado que non se subvenciona o mesmo coste.

4. Segundo o disposto no apartado 4 do artigo 36 do RD 853/2021, cando o proxecto recibise unha subvención con cargo ao “Programa 5, de axuda á elaboración do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación”, descontarase da



cantidad recibida ao determinar a contía da subvención con cargo a este programa na forma indicada.

ARTIGO 13. PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **tres meses** a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o permite a existencia de remanentes de crédito e de actuacións subvencionables, poderase acordar a apertura de novos prazos de presentación posteriores ata esgotar os ditos remanentes.

ARTIGO 14. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS. INICIO. EXECUCIÓN. XUSTIFICACIÓN.

INICIO DAS OBRAS

Poderanse acoller ás axudas as actuacións que contén con licenza de obra concedida antes da entrada en vigor destas bases, non tendo as actuacións iniciadas con anterioridade á resolución da solicitude de subvención, e que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

EXECUCIÓN DE OBRAS E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o remate das mesmas, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa xustificación, remata o **30 de abril de 2026**, dando tempo suficiente para que a Oficina de Rehabilitación realice as comprobacións correspondentes.

ARTIGO 15. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido nesta convocatoria, deberán presentar as solicitudes de subvención segundo o formulario normalizado dispoñible na páxina do Concello de Ribadeo debidamente cuberto e asinado e que se incorpora nas presentes bases.

As solicitudes e documentación complementaria, presentaranse no rexistro do Concello de Ribadeo, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Debe cumprirse o disposto no artigo 14 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas en relación coa obriga de relacionarse coas Administracións Públicas, en concreto a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos das persoas xurídicas, das entidades sen personalidade xurídica (incluídas as comunidades de propietario e agrupación de persoas propietarias). No caso de presentar as súas solicitudes presencialmente, requirirase para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude, preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro.



3. No modelo de solicitude deberán realizar as seguintes declaracións:

- Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.
- Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de minimis. No caso de solicitar ou obter axuda de minimis, deberá indicar cal é a súa contía.
- Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepto a da letra e) dos devanditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de que están ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, co artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable de que a empresa á que se represente, de ser o caso, non está en crise de acordo coa definición de «empresa en crise» que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, no seu caso.
- No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.
- Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.
- Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.
- Declaración responsable que reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario.

ARTIGO 16. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Toda a documentación que se achegue deberá presentarse debidamente cuberta. Deberá presentarse preferentemente de forma electrónica.

No caso de que algún dos documentos para presentar de xeito electrónico superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica do Rexistro do Concello de Ribadeo, permitirase a presentación de forma presencial.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que **nun prazo improrrogable de dez días hábiles** emende o erro ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude.

En todo caso o Concello de Ribadeo, como entidade xestora das subvencións, poderá requirirle ao solicitante en calquera momento do procedemento a documentación complementaria se a considerase necesaria para a xustificación do cumprimento dos requisitos.

ANEXO I. Con carácter xeral xunto coa solicitude, (ANEXO I), deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:



- Fotocopia do DNI, NIE, ou CIF do solicitante e representante e documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
- Documentación xustificativa da titularidade do edificio ou vivenda, nota simple do rexistro da propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
- Documento acreditativo da constitución da sociedade, comunidade de propietarios, agrupación de persoas propietarias.
- Acta ou certificado da persoa titular da secretaría ou administración da comunidade de persoas propietarias, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas ou da asemblea da cooperativa, onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención e onde conste o nomeamento do representante autorizado para solicitar a subvención, de ser o caso.
- Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade comunidade de persoas propietarias, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas ou da asemblea da cooperativa, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación, de ser o caso.
- Proxecto da actuación para realizar ou, na súa falta, memoria xustificativa da actuación. A documentación mínima desta memoria será descrición das obras a realizar, orzamento desagregado por partidas con prezos unitarios e descompostos, fotografías estado actual e os planos da intervención. Así mesmo, incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición. O proxecto ou a memoria deberán cumprir co establecido no artigo 6 das bases e vir acompañados do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da Ordenación da Edificación e un Plan de Actuacións a levar a cabo no que se indique a actuación proposta.
- No caso de atoparse nun dos supostos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética previstos no artigo 7 das bases, deberán xustificalo no devandito proxecto da actuación ou na memoria e acreditarlo cos documentos correspondentes.
- Licenza, comunicación previa e/ou autorización necesarias para a execución das obras.
- Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar previo intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia de edificios de Galicia.
- Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar, considerando realizadas as actuacións previstas no proxecto, subscrito por persoa técnica competente realizado no mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado do estado actual, debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia de edificios de Galicia.
- Achegarse copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere os límites económicos do contrato menor de obra ou servizos segundo a lexislación de contratos do sector público.
- Para posibles situación de vulnerabilidade económica, declaración de IRPF. Para os efectos desta convocatoria, os datos fiscais que se terán en conta corresponderán ao exercicio económico 2023. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de imputacións de I.R.P.F., declaración responsable de ingresos.
- Orzamentos que contemplen gastos de xestión conforme ao disposto no artigo 8 destas bases.
- Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.
- Certificacións de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de denegar a súa consulta. Cando a actuación sexa promovida comunidade de propietarios, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas deberanse achegar tamén as certificacións anteriores da persoa propietaria de cada vivenda integrante da comunidade, no caso de denegar a



súa consulta.

ANEXO II: Declaración responsable de ter a condición de beneficiario, no que realizarán as seguintes declaracións:

- Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepto a da letra e) dos devanditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de que están ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, co artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable de que a empresa á que se represente non está en crise de acordo coa definición de «empresa en crise» que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, no seu caso.
- No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.
- Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.
- Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.
- Declaración responsable que reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario.

ANEXO III: Declaración responsable doutras subvencións:

- Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.
- Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de minimis. No caso de solicitar ou obter axuda de minimis, deberá indicar cal é a súa contía.

ANEXO IV: Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente.

ANEXO V: Declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR que poidan afectar ao obxectivo de xestión e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

ANEXO VI: Declaración de cesión e tratamento de datos persoais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

ANEXO VII: Declaración responsable da composición da unidade de convivencia. Axuda por vulnerabilidade económica.

ANEXO VIII: Comunicado de inicio das obras.

ANEXO IX: Comunicado remate de obras. Xustificación da subvención.

ARTIGO 17. FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.



A documentación presentárase no rexistro do Concello de Ribadeo ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Debe cumprirse o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas en relación coa obriga de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, en concreto a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos das persoas xurídicas, das entidades sen personalidade xurídica (incluídas as comunidade de propietarios e agrupacións de persoas propietarias), das que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira unha colexiación obrigatoria e das que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración.

As persoas e entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

ARTIGO 18. AUTORIZACIÓNS.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras, o consentimento e autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que pode emitir o Concello de Ribadeo, así como as autorizacións para que o IGVS ou o Ministerio poidan solicitar as certificacións que deban emitir os organismos competentes da Xunta de Galicia ou do Ministerio correspondente.

Tamén para que o Concello de Ribadeo en calquera momento da tramitación do expediente e ata o remate do mesmo poida:

- a) Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, así como a certificación expedida polo tesorero municipal que acredite atoparse ao días nas súas obrigas co Concello. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese á autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovble afectado.
- b) Consultar os datos de residencia/empadramento tanto do solicitante da subvención como do resto de membros da unidade de convivencia. No caso de comunidade de propietarios e agrupación de persoas propietarias, esta autorización esténdese a autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovble afectado.

No suposto de imposibilidade de obter algún documento, o Concello poderá requirir á persoa solicitante a súa achega.

Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, a presentación da solicitude de subvención implica a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

ARTIGO 19. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES. CONCESIÓN, RESOLUCIÓN E RECURSOS.

A concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto.

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentadas as solicitudes, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos a resolver no prazo de 10 días para a súa corrección, de acordo co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións



Públicas para completar ou aclarar a documentación recibida, as solicitudes serán avaliadas por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instructor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS: O persoal da Oficina Municipal de Rehabilitación.

SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Pola Comisión de Valoración, elaborárase unha acta coa proposta de beneficiarios/as seleccionados, así como unha lista de reserva, de selo caso, para a súa resolución polo Órgano competente, denegándose as solicitudes que non cumpran os requisitos.

Toda alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O acordo que outorga ou denega a subvención será notificado os solicitantes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de **tres meses**. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

A Oficina Municipal de Rehabilitación realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

A resolución indicará a persoa ou entidade beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, o seu prazo de finalización e de xustificación.

O Concello en función da dispoñibilidade económica e do número máximo de actuacións que se poidan conceder para cada ERRP, determinará as actuacións subvencionables. No caso de que houbese máis solicitudes que número de actuacións ou fondos previstos para cada ERRP e sempre que se cumpran as condicións da convocatoria, as solicitudes que non poidan obter a subvención, pasarán a unha lista de reserva, para poder ser subvencionables no caso de dispoñer de financiamento.

Contra a resolución de outorgamento ou denegación de subvención poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou na resolución no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses.

En calquera momento, as persoas ou entidades interesadas ou beneficiarias, poden desistir da súa solicitude.

Os datos das solicitudes admitidas introducíranse na plataforma habilitada para este fin pola Administración Xeral do Estado (COFFEE) e así mesmo realizárase a análise de risco de existencia de conflitos de intereses da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na lexislación correspondente, introducindo os datos das solicitudes admitidas e tamén os datos dos membros dos órganos decisorios que interveñan no procedemento, que deberán asinar cadanseu Documento de ausencia de conflito de intereses (DACI).



ARTIGO 20. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, no seu caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por estas bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

ARTIGO 21. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas, de acordo aos seguintes criterios:

TIPO DE OBRA A REALIZAR

- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable tras a actuación maior ou igual ao 60%: 30 puntos.
- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable tras a actuación entre o 45% e o 60%: 20 puntos.
- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable tras a actuación entre o 30% e o 45%: 10 puntos.
- Actuacións que afecten a cuberta: 10 puntos (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima).
- Actuacións que afecten aos cerramentos: 10 puntos (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima).
- Actuacións que afecten ás carpinterías: 10 puntos (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima).
- Actuacións que empreguen enerxías renovables para o sistema de calefacción: 10 puntos (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima).

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen, computándose tantas actuacións como o seu número de vivendas rehabilitadas.

En caso de empate terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e no caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presenten antes no rexistro municipal.

ARTIGO 22. XESTIÓN DAS OBRAS. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A.- XESTIÓN DA OBRA.

As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar, que deberá ser solicitada polo interesado.

Os/As beneficiarios poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

B.- INICIO DAS OBRAS.

O solicitante promotor das obras deberá comunicar previamente e de xeito oficial á Oficina Municipal de Rehabilitación a data do inicio das obras, segundo o ANEXO VIII.



C.- REALIZACIÓN DAS OBRAS.

As obras obxecto das axudas, axustaranse ao convido no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión licencia de obras correspondente.

O técnico da Oficina de Rehabilitación poderá supervisar a execución das obras, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable da Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licencia urbanística.

O prazo para a execución das obras **rematará o 30 de abril de 2026**, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as comprobacións correspondentes.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados.

D.- REMATE DAS OBRAS. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o **remate das mesmas**, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa **xustificación, remata o 30 de abril de 2026**, segundo o ANEXO IX.

A documentación a presentar é a seguinte:

1. Certificado fin de obra asinado polo técnico redactor do proxecto, de selo caso.
2. Certificado da instalación térmica, no seu caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na Consellería competente en materia de Industria da Xunta de Galicia.
3. Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez terminadas as actuacións e realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE).
4. Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na resolución de concesión, conforme ao esixido polas bases reguladoras.
5. Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.
6. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, Xeral de Subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de Subvencións de Galicia, e de non ter pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo.
7. Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa administración, incluído o Concello de Ribadeo, así como coa seguridade social, no caso de denegar a súa consulta.
8. Certificación de entidade bancaria onde figure o beneficiario como titular e o seu número de conta.
9. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa das actuacións realizadas, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de todas as subvencións declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) O beneficiario/a da subvención deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
 - c) Ter referencia de gastos xerados obxecto da subvención.
 - d) As facturas deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria da subvención.
 - e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.



- Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
 - Nome do beneficiario da subvención.
 - Enderezo da actuación e descrición detalladas das obras levadas a cabo obxecto da subvención.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- f) Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago.

No caso de obras promovidas por unha comunidade de propietarios ou agrupación de persoas propietarias serán válidas as facturas e os xustificante de pago a nome das mesmas.

A documentación presentárase na mesma forma que a da solicitude e a da documentación complementaria.

Transcorrido o prazo indicado sen que as persoas ou entidades beneficiarias presentasen a documentación xustificativa, requiriráselles que a presentes nun prazo improrrogable de dez días.

ARTIGO 23. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

Posteriormente, a Oficina de Rehabilitación deberá verificar, antes de proceder ao pagamento da axuda, ademais dos requisitos previstos na normativa reguladora das subvencións para a xustificación e pagamento das axudas, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na Resolución do 8 de xullo de 2022.
- Que para a súa execución se contaron con todas as autorizacións necesarias.
- Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das devanditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de concesión.
- Que consta o correspondente certificado final de obra.
- Que consta o certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar previo á intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).
- Que consta o certificado de eficiencia enerxética dos edificios ou vivendas unifamiliares xa finalizados ou finalizadas emitido debidamente rexistrado que confirme os obxectivos de aforro en consumo enerxéticos comprometidos.
- Que consta, de ser o caso, a documentación acreditativa da retirada do edificio obxecto de actuación, daqueles produtos de construción que conteñan amianto conforme co previsto no artigo 11.1.c) do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha menor contía que o orzamento que serviu de base para a resolución da concesión e a condición de que se acredite que a actuación concreta atópase totalmente executada.

O Concello de Ribadeo procederá ao pagamento das subvencións tras as oportunas dilixencias de fiscalización.

A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos na solicitude oficial.

ARTIGO 24. DENEGACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

- a) Non reunir as condicións esixidas nestas bases, relativas ao solicitante ou ao inmovble a rehabilitar.



- b) Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- c) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
- d) Segundo o artigo 29, da Resolución do 8 de xullo de 2022 do Instituto Galego da Vivenda e Solo:

1.- Serán causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos nos artigos 37 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- O incumprimento das obrigas recollidas no artigo 4 das bases reguladoras.
- A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.
- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, así como calquera outro aspecto da normativa que estea vinculada ao PRTR, conforme ao artigo 7.ª da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente dende o seu pagamento, máis un 25% segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente
- O incumprimento do principio de DNSH e/ou da etiqueta climática.

2.- O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- e) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, as seguintes:

- Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda.
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- A non adaptación ao planeamento urbanístico en vigor
- Incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A execución de obras non aprobadas pola Oficina de Rehabilitación que non estén contempladas no proxecto e non amparadas pola licenza municipal de obras expedida.
- A incorrecta ou non execución das obras de rehabilitación aprobadas pola Oficina de Rehabilitación.
- A non adaptación aos criterios da oficina.
- Impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- Iniciar as obras sen dar conta á oficina de Rehabilitación.
- Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

ARTIGO 25. NOTIFICACIÓNS.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse prioritariamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora, recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cuxo artigo 14 inclúe os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas.



As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorreran dez días naturais dende a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

ARTIGO 26. CONTROL E LOITA CONTRA A FRAUDE.

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Concello de Ribadeo, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, no seu caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e as verificacións do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021.

Calquera persoa que teña coñecementos de feitos que poidan ser constitutivos de fraude o irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti fraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo a través da canle habilitada na web:

<https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI):

https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langid=gl_es

No control e loita contra a fraude o Concello de Ribadeo actuará de conformidade co establecido no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas anti-fraude.

ARTIGO 27. ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESES.

O presente procedemento de concesión de subvencións estará suxeito á normativa e procedemento en materia de conflito de intereses previstos na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e pola Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os beneficiarios deberán de presentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) debidamente cuberta e asinada (Anexo V).

ARTIGO 28. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



ARTIGO 29. HABILITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO.

Habilítase a persoa titular da Alcaldía para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación destas bases así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisas para a xestión deste programa de axudas segundo as presentes bases de acordo co RD 853/2021 do 5 de outubro e á Resolución do 8 de xullo de 2022.

ARTIGO 30. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O texto íntegro da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Ribadeo.

As bases reguladores e os modelos normalizados para a presentación estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Ribadeo e facilitaranse na Oficina de Rehabilitación do Concello.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da lei 38/2003, do 17 de novembro, o contido desta convocatoria será publicado na “Base de datos nacional de subvenciones”.

ARTIGO 31. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvención, converte a súa presentación en obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais e o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos 2016/679, do 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Ribadeo, así como os departamentos do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que traten estes expedientes a nivel autonómico ou estatal, de ser o caso.

ARTIGO 32. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- b) Resolución do 8 de xullo de 2022 polo que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- c) A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- d) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- f) Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- g) O Acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio do 2023, relativo aos entornos residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Ribadeo.
- h) Ordenanza de inspección técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- i) Lei 39/2010 do 1 de outubro do procedemento administrativo común e das



- administracións públicas.
- j) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

CLÁUSULA FINAL.

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación.

Serán de aplicación ás solicitudes tramitadas ao amparo acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio do 2023, relativo aos entornos residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Ribadeo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, asinados entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (o IGVVS) e o Concello” de Ribadeo.

En virtude das atribucións que me confire a vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, art. 21 da mesma, e de conformidade con canto dispón a normativa citada e demais lexislación de pertinente aplicación, esta Alcaldía,

RESOLVE:

- 1º. Prestar aprobación ao texto das bases transcritas anteriormente.
- 2º. Dar conta ao Pleno municipal desta resolución na primeira sesión que se celebre.
- 3º. Proceder á publicación correspondente das presentes bases e realizar os demais trámites que sexan precisos.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, en Ribadeo á data da sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
DANIEL VEGA PÉREZ.

O SECRETARIO XERAL,
JOSÉ A. CARRO ASOREY.

